

POSIBLES IDEAS PARA  
UNHA HOMILÍA CON NENOS  
20 OUTUBRO 2019

## **Pídelle con insistencia a Papá, somos os seus nenos mimados.**

### **1. VER: WhatsApp-eando con Deus**

-Coas persoas que queremos sentimos a necesidade de *chatear* con eles, de estar en estado permanente de comunicación, facéndoos partícipes das nosas alegrías, necesidades, estados de ánimo, etc. ***Que necesitas dicirlles aos teus pais? E aos amigos? Como o fas?***

-Os cristiáns necesitamos dialogar con Deus, contarlle as nosas cousas, pedirlle... Sta. Tareixa de Xesús dicía que a oración é ese “trato de amizade con quen sabemos que nos ama”, é pois como dialogar cun amigo, con confianza, sentíndose querido, escoitado e acollido. ***Cando e como oras ti?***

### **2. XULGAR: Dez leprosos encóntranse con Xesús.**

-No evanxeo deste domingo, Xesús explica aos apóstolos que deben ***“orar sempre, sen desanimarse”***. E explícallo co conto da viúva, que tanto insiste ao xuíz inxusto que lle faga xustiza, que lle fai caso para que non o amole.

### **QUE NOS QUERE DICIR XESUS?**

-Que **SOMOS Os SEUS “NENOS MIMADOS”**: Deus quérenos moito, el é o noso “Papá”, que somos os seus fillos queridos,

que lle falemos con confianza, e que quere darnos o que necesitamos.

-Que **OREMOS SEMPRE, CON INSISTENCIA**: Quere que lle contemos as nosas cousas, que o teñamos informado dos que nos pasa, que lle pidamos e recemos constantemente. Ten sempre as mans levantadas como Moisés (1ª lectura). El escóitanos sempre, non se esquece, e daranos o mellor para nós.

-Que ao orar **BOTEMOS UNHA MAN A XESÚS** para que se cumpra o que pedimos. Non se trata só de pedir. Un neno rezaba todos os días a Xesús preguntándolle: “En que queres que che bote unha man hoxe?”. Xesús rezaba ao Pai pero tamén buscaba solución aos problemas de pobreza ou exclusión. Orar polos problemas dos outros é tamén denunciar, comprometerse, buscar solucións, botar unha man ao que me necesita...

***Rezas con confianza e constancia? Axudas a Xesús?***

### **3. ACTUAR: Síntete misionero: bautizado e enviado.**

-Neste mes misionero extraordinario recorda que estás bautizado (vive como bautizado) e que El te enviou a ser o seu mensaxeiro (fala de Xesús aos teus amigos).

-Ten momentos para rezar todos os días, e coa familia. O máis importante é que toda a nosa vida sexa unha oración de comunicación con Deus.

-Rezade esta semana todos os días polos misioneros e aprendede a ser solidarios coa obra das misións aforrando algo este mes e compartíndoos xuntos na hucha do Domund.

***En que poderías mellorar? Que imos facer?***

# A PALABRA

**ÉXODO 17, 8-13: *Mentres Moisés tiña en alto as mans, vencía Israel.***

Naqueles días, Amalec veu e atacou a Israel en Refidín. Moisés díxolle a Xosué: - «*Escolle uns cantos homes, fai unha saída e ataca a Amalec. Mañá eu estarei en pé na cima do monte, co bastón de Deus na man*».

Fixo Xosué o que lle dicía Moisés, e atacou a Amalec; namentres, Moisés, Aarón e Jur subían á cima do monte. **Mentres Moisés tiña no alto as mans, vencía Israel;** mentres as tiña baixadas, vencía Amalec.

E, como lle pesaban os brazos, os seus compañeiros tomaron unha pedra e puxéronlla debaixo, para que sentase; mentres, Aarón e Jur sostíñanlle os brazos, un a cada lado.

Así resistiron no alto os seus brazos ata a posta do sol. Xosué derrotou a Amalec e ao seu pobo, a fío de espada.

*Palabra do Señor.*

**Sal 120: R/. O noso auxilio é o nome do Señor, que fixo o ceo e a terra.**

**2º TIMOTEO 3, 14-4, 2: *O home de Deus sexa perfecto e estea preparado para toda obra boa.***

**Lc 18, 1-8: Deus faralles xustiza aos seus elixidos que claman ante el.**

**Narrador:** Naquel tempo, Xesús dicíalles aos seus discípulos unha parábola **para ensinalles que é necesario orar sempre, sen desfalecer.**

**Xesús:** -«*Había un xuíz nunha cidade que nin temía a Deus nin lle importaban os homes. Naquela cidade había unha viúva que adoitaba ir dicirlle:*

**Viúva:** -*Faime xustiza fronte ao meu adversario!*

**Narrador:** *Por algún tempo estívose negando, pero despois díxose a si mesmo:*

**Xuíz:** - *Aínda que nin temo a Deus nin me importan os homes, como esta viúva estame amolando, voulle facer xustiza, non sexa que siga vindo a cada momento a importunarme?».*

**Narrador:** E o Señor engadiu:

**Xesús:** -«*Fixádevos no que di o xuíz inxusto; pois Deus, non fará xustiza aos seus elixidos que claman ante el día e noite?; ou lles dará longas? Dígovos que lles fará xustiza sen tardar. Pero, cando veña o Fillo do home, atopará esta fe na terra?».*

**Palabra do Señor.**

*(Narrador – Xesús – Viúva - Xuíz).*